

PREGUNTA DE AER SOBRE VARIOS TEMAS. (Rex. Entrada 05.09.2018, 2018-E-RPLN-16).

PLENO 06 SETEMBRO 2018. ACTA 10/2018

O Sr. Covelo dá lectura das seguintes preguntas:

Sobre o deseño do novo edificio de Servizos Sociais e CIM. *“Unha vez analizado o proxecto do novo local de Servizos Sociais (SS) e CIM, atopámonos cunha serie de dúbidas sobre o que vai ser a distribución, eficiencia enerxética, efectividade na atención primeira no servizo e mesmo na accesibilidade. Tendo en conta que estas serán as instalacións de SS e do CIM durante anos, e pensando na súa eficiencia a longo prazo, facémonos as seguintes reflexións:*

- Obsérvase unha separación física entre o que é Servizos Sociais e o CIM, con dúas entradas diferenciadas, unha ampla para o CIM e outra secundaria para Servizos Sociais. A sala de espera (1) de SS é de menor tamaño que a sala de espera (2) do CIM, dando apenas para 8 cadeiras. Non sería máis práctico unha única sala de espera para ambos servizos facendo uso da entrada de maiores dimensións e dende a sala principal facer a distribución dos usuarios segundo corresponda? A porta de entrada á sala de espera (1) de SS non resulta moi escasa en canto a accesibilidade?

- Segundo se deduce do proxecto, os locais 7-8-9 estarán destinados ao CIM, os locais 1-2-3-4-5-6 estarían destinados a SS, pero descoñecemos a que estaría destinado o local 10.

- No CIM hai 3 persoas (psicóloga, avogada e técnica de igualdade) que cada unha tería o seu despacho. En SS contaríase con 6 despachos. Agora mesmo hai 4 persoas en SS (Coordinadora, traballadora social, educadora social e auxiliar administrativa) máis un policía común. Podería parecer que se deseñou axeitadamente a distribución de locais pero a maiores cóntase cun traballador temporal pola Deputación e na RPT hai previstas 2 traballadoras sociais, unha psicóloga e outra auxiliar administrativa, que no futuro poderíanse sumar ao equipo de SS. Como mínimo nun falaríase de 8 persoas polo que non chegarían os despachos. A maiores existe unha orientadora laboral que actualmente atópase na planta baixa do antigo conservatorio, que en principio está para traballar conxuntamente con SS e procedería trasladala tamén ao novo edificio. Se a isto se engade que persoal de SS de Chapela achégase unha vez a semana ata as oficinas de Redondela, poderíamos chegar a falar de ata 10 persoas nun mesmo día en servizos sociais. Non hai un déficit de planificación de locais na área destinada a Servizos Sociais? Que solución ten pensado se se dá a situación anteriormente descrita?

- Actualmente cóntase cun só policía que dá servizo a SS e ao CIM. No novo edificio, ao estar tan separadas ambas salas de espera, tense pensado na presenza de 2 axentes de policía?

- As portas de acceso van ter algunha característica (opacidade) que garanta a privacidade dos e das usuarias? PREGUNTAMOS: Poderían dar unha explicación detallada das cuestións e reflexións plantexadas acerca da distribución e planificación do persoal no novo local de SS e do CIM?”

Resposta. Sra. Amoedo: o que se deseñou foi un proxecto de base sobre o que traballar. CIM e parte de benestar social están integradas por dentro, hai pasillo de conexión coas dúas, arquivo compartido; os despachos usaranse segundo vaian facendo falta. As persoas que veñen da Deputación sempre están acompañando á traballadora social no posto, non teñen un despacho propio. A distribución do edificio está pensada para ir a algo máis do que estamos tendo agora. Respecto das salas de espera estamos medindo que haxa espazos con accesibilidade. O CIM en determinados momentos ten que ter discreción entón ten que existir unha sala na que nun momento determinado teñan que estar e vai existir opacidade.